

**Expediente núm.: 570/2022**

**Procedemento:** Selección Persoal.

**Asunto:** Resolución Alcaldía designación Aprobación lista definitiva, designación membros tribunal e constitución e valoración méritos, convocatoria Selección Persoal mediante concurso, de 1 praza de Arquitecto/a municipal de Muíños en conformidade coa Lei 20/2021

## RESOLUCIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA, DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL E CONSTITUCIÓN E VALORACIÓN MÉRITOS

### CARACTERÍSTICA DA PRAZA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	ARQUITECTO/A MUNICIPAL
RÉXIME	Persoal Laboral fixo
GRUPO COTIZACIÓN	01
NÚMERO DE VACANTES	1
SISTEMA SELECTIVO	Concurso
XORNADA LABORAL	100% Xornada

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na sede electrónica [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], sen que se presentasen reclamacións.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria na Resolución de Alcaldía de data 6 de outubro de 2022, e en virtude das atribucións que legalmente teño conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as de conformidade co establecido na Base Sexta das Bases Reguladoras para a provisión mediante concurso, de 1 prazas de traballador/a para o posto de Arquitecta/ao Municipal (100% xornada), persoal laboral fixo, acollido ao proceso de estabilización do emprego temporal do concello de Muíños:

RELACION DE ASPIRANTES ADMINTIDOS			
Nº	APELIDOS E NOME	D.N.I.	EXENTO GALEGO
1	Dacal Rodriguez M <sup>a</sup> Del Rosario	XXXX8540E	SI
2	Macía Rodriguez Maria	XXXX2465D	SI

RELACION DE ASPIRANTE EXCLUÍDOS	
NINGÚN	



**SEGUNDO.-** Designar como membros do tribunal que deben xulgar o Concurso a:

Tribunal titular:

Presidente : Manuel Valentín Perez Nieto, Adxunto ao xefe do servizo de recursos humanos e formación da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Secretario/a : D<sup>a</sup> Maria Elena Dominguez Gomez, Secretaria Acctal. do Concello de Muiños.

Vogais:

D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup> Antúnez Pérez, Tecnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muiños.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Colmenero Veloso, Secretaria-Interventora do Concello de San Cibrán das Viñas.

D<sup>a</sup>. Luisa María López Pérez, Arquitecta do Concello de Pereiro de Aguiar

Tribunal suplente:

Presidente : D.Esteban Fernández Alvarez, Xefe da sección de xestión e selección de persoal da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

Secretario/a: D<sup>a</sup>.Rosa Pena Seoane, Administrativa do Concello de Muiños.

Vogais:

D<sup>a</sup>. Angeles Cantón alvarez, Xefa de gabinete de asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

D.Adamantino Barreiro Garcia, Vicesecretario da da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

D<sup>a</sup> Marina Sara González Soto, Asesora Xurídica de Asuntos de Urbanismo e demais Servizos Municipais do Concello de Pereiro de Aguiar.

**TERCEIRO.-** A constitución do tribunal terá lugar o día **18 abril de 2023 as 9:30 horas** no salón de Sesións do Concello de Muiños

**CUARTO.-** Convocar ao tribunal para o vindeiro **18 abril de 2023, ás 11:30 horas**, na Casa do Concello de Muiños, situada en Praza San Rosendo, nº2 (32880 – Muiños) para proceder á **valoración dos méritos** das candidatas admitidas ao proceso selectivo. A lista que conteña a valoración dos méritos farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na sede electrónica [\[http://concellomuiños.sedelectronica.gal\]](http://concellomuiños.sedelectronica.gal)

**QUINTO** Os sucesivos chamamentos e convocatorias de producirse, e en definitiva calquera decisión que adopte o tribunal e que deba coñecer o aspirante ata a finalización da fase de concurso, expóranse na sede electrónica deste Concello: [\[http://concellomuiños.sedelectronica.gal\]](http://concellomuiños.sedelectronica.gal), no Taboleiro de anuncios e na páxina web para maior difusión, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

**SEXTO.-** Notificar a presente Resolución aos membros do tribunal para o seu coñecemento.

**SÉPTIMO.-** Publicar na sede electrónica deste Concello: : [\[http://concellomuiños.sedelectronica.gal\]](http://concellomuiños.sedelectronica.gal), no Taboleiro de anuncios e na páxina web a lista definitiva do aspirantes admitidos/as e excluídos/as, a designación e constitución do tribunal e a data da convocatoria da valoración de méritos.

Mándaos e asínaos o Sr. Alcalde-presidente, en Muiños na data que figura á marxe. Ante min, secretaria. Dou fe.

Asinado dixitalmente á marxe

**RECURSOS.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do



presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

